

COPLAS MAIOS 3º E 4º EP

Os de terceiro e cuarto
hoxe vimos pra cantar
a este maio tan fermoso
cheo de flores a fartar.

Este ano a primavera
con raios de sol xa vén!
Xa bañámonos na praia
aquí pasámolo moi ben!

Ailalelo, ailalelo
ailalelo, ailalá.

Xa bañámonos na praia
aquí pasámolo moi ben!



Nos recreos este curso
non puidémonos xuntar,
somos os grupos burbullas
Queremos que acabe xa!!

Xa temos a incubadora
para criar animais,
este ano son araucanos
que son fermosos de máis.

Ailalelo, ailalelo,
ailalelo, ailalá.

este ano son araucanos
que son fermosos de máis.




Vemos os experimentos
sonche ben necesarios,
aprendemos moito deles
hai que ter moito coidado!

Tivemos unha visita
eran de Revitaliza
falaron do composteiro
e dos vermes que habitan.

Ailalelo, ailalelo,
ailalelo, ailalá.

Falaron do composteiro
e dos vermes que habitan.



No colexio de Ardán
viñéronnos a falar
das abellas e so mel
e do rico que está!

Agasalláronnos un globo,
unha libreta e o mel,
na casa xa o probamos
moitas vitaminas ten.

Ailalelo ailalelo,
ailalelo ailalá.

Na casa xa o probamos
moitas vitaminas ten.

